

Exposición

## **PARELLAS. MANUEL SENDÓN**



**DATAS** Do 30 de setembro ao 8 de decembro de 2021

**LUGAR** Fundación Luis Seoane, A Coruña

**PRODUCCIÓN** Concello da Coruña

**ARTISTA** Manuel Sendón

*Parellas* é o novo proxecto do fotógrafo coruñés Manuel Sendón, un traballo realizado durante catro anos ao redor do grupo de vivendas Juan Canalejo de A Coruña, coñecidas popularmente como as “casas baratas”, que se exporá ao público na Fundación Luis Seoane a partir do 30 de setembro con motivo da celebración da Semana da Arquitectura organizada polo Concello da Coruña. A mostra reúne máis de oitenta fotografías dixitais, un formato no que o autor se estrea tras décadas

empregando a tecnoloxía analóxica, dispostas en cinco polípticos e tres fotografías de maiores dimensións, ás que acompaña unha reprodución do plano do proxecto orixinal de urbanización.

En 1948, o Concello da Coruña aprobaba a construción dun conxunto de vivendas protexidas destinadas a membros da Organización Sindical da F.E.T e das J.O.N.S., un proxecto distribuído en manzana urbana que ocuparía preto de dez hectáreas na contorna da Ronda de Nelle, e que tardaría quince anos en levarse a cabo.

Bautizadas polas autoridades da época como grupo de vivendas Juan Canalejo, en honor a un membro local da Falange, e, de maneira máis expeditiva, polos veciños da Coruña como as “casas baratas”, as edificacións dividíanse en diferentes categorías dependendo das súas dimensións e servizos, que determinaban de antemán as características dos seus futuros receptores en consonancia cos preceptos do Movemento. A maioría destas casas organizábanse de maneira simétrica como “vivendas xemelgas”, unha disposición que terminaría por converterse nun dos seus sinais de identidade.

Co paso do tempo, as casas irían experimentando unha evolución froito dos gustos e necesidades espaciais dos seus propietarios. Estas transformacións son as que recolle Manuel Sendón nas fotografías incluídas nesta exposición, cuxo título fai referencia de maneira metafórica a esas “parellas” nas que se planificaban as vivendas que, do mesmo xeito que as de carne e óso, poden distanciarse tras unha convivencia aparentemente harmónica para converterse en algo completamente distinto. O propósito do fotógrafo ao longo destes catro anos non foi documentar eses cambios desde un prisma arquitectónico, senón adoptar un punto de vista artístico que afondase nas posibilidades plásticas do arquivo, e no que se percibise o menos posible a súa presenza, aínda que como espectadores sexamos conscientes de que esta non chega xamais a desaparecer por completo.

As imaxes recollen as modificacións experimentadas polas fachadas das vivendas ao longo de todos estes anos, verdadeira escala de posibilidades estéticas, que van desde o aspecto orixinal das construcións ata os diferentes cambios cromáticos ou alteracións na natureza dos materiais, un proceso que, na súa versión extrema, conleva a derriba e substitución dun dos membros da "parella" por unha edificación totalmente nova. Este catálogo de modificacións queda rexistrado grazas ao carácter arquivístico ou documental que Manuel Sendón imprime a este traballo, cuxas imaxes comparten unha serie de trazos, como a súa composición e tamaño ou a distancia adoptada polo propio autor, o que pon de manifesto unha coidadosa planificación previa, unha constante na obra do fotógrafo.

*Parellas* é un traballo artístico no que, a través das variacións que rachan coa monotonía do conxunto, asistimos á transformación máis ou menos afortunada dunhas estruturas nas que se acabou impoñendo a personalidade dos seus ocupantes e da contorna na que se ubican, un espazo urbán no que dificilmente se integraban no momento da súa construción e do que agora mesmo, para a maioría dos coruñeses, semella que levan formando parte toda a vida. Un exercicio non exento de humor que convida a deterse nuha serie de detalles que Manuel Sendón recupera para todos nós.

A exposición poderá visitarse ata o 8 de decembro de 2021.

### **Sobre o autor**

Manuel Sendón (A Coruña, 1951) é licenciado en Matemáticas e doutor en Belas Artes. Profesor de fotografía na Facultade de Belas Artes de Pontevedra entre os anos 1993 e 2021, foi responsable do Grupo de Investigacións Fotográficas da Universidade de Vigo. Xunto con Xosé Luis Suárez Canal dirixiu o Centro de Estudos Fotográficos, a Fotobienal de Vigo, o proxecto Vigovisións e a Sala dos Peiraos, e comisariou un gran número de exposicións.

A obra de Manuel Sendón formou parte de exposicións colectivas e ferias especializadas a nivel nacional e internacional, e protagonizou diversas mostras monográficas, entre as que destacan as realizadas no Museo do Mar de Vigo, a galería Ad Hoc (Vigo); o Kiosco Alfonso, a Fundación Barrié, a Casa dos Peces (A Coruña); o Pazo de Fonseca, o Museo do Pobo Galego, a Casa da Parra (Santiago de Compostela), os Encontros Internacionais da Imagem e Museo da Imagen (Braga, Portugal); o Centro de Estudos da Fotografía (Coimbra, Portugal); o Espaço Silo, organizada polo Centro Portugués de Fotografía (Porto, Portugal); a Side Gallery (Newcastle, UK); o Museo de Arte Contemporáneo Sofía Imber (Caracas, Venezuela), o Museo Ciudad de México (México D.F.) e o Conjunto Cultural da Caixa (Salvador de Baía, Brasil).

O fotógrafo coruñés é autor dos libros *Paisaxes* (1991), *Tempos que hai neste tempo* (1995), *Cuspindo a barlovento* (2003), *Casas doentes* (2006), *Derradeira sesión* (2009), *Mil ríos* (xunto con Fran Herbello) (2014) e *Espantillos* (2015). O seu traballo forma parte dos fondos de varias coleccións públicas e privadas, como a do MNCARS, o CGAC, etc.

Para máis información e solicitude de imaxes:

Emma Fernández Castro

**Fundación Luis Seoane**

[emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal](mailto:emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal)

Tel. 981 216 015